

**ACORDO DE COLABORACION ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE
PROMOCIÓN ECONOMICA E AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS PARA COFINANCIAR O EVENTO “CONECTA FICTION”.**

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2017

**ACORDO DE COLABORACION ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE
PROMOCIÓN ECONOMICA E AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS PARA COFINANCIAR O EVENTO “CONECTA FICTION”.**

En Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, D. **Francisco José Conde López, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia**, nomeado por Decreto 229/2012, do 2 de decembro, e **Presidente do Instituto Galego de Promoción Económica** (en diante IGAPE), actuando ao amparo das facultades que lle concede o artigo 11 da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica en nome e representación do dito Instituto, con C.I.F. Q-6550010-J, e con domicilio social en Edificio IGAPE, Complexo Administrativo San Lázaro, s/n. 15703 Santiago de Compostela.

Doutra parte, D. **Román Rodríguez González, Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e presidente da **Axencia Galega das Industrias Culturais** en virtude do punto 2 do artigo 8 da Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da **Axencia Galega das Industrias Culturais**, con CIF: Q-6550009-B, e con domicilio Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n. 15077 Santiago de Compostela.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente acordo de colaboración, e na súa virtude

EXPOÑEN

Primeiro.- O IGAPE, creado pola Lei 5/1992 do 10 de xuño, como ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios, creado para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, ten establecido entre os seus principais obxectivos apoiar e promover calquera tipo de actividade que contribúa á mellora do sistema produtivo de Galicia.

Segundo.- AGADIC, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da Axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b) da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

Terceiro.- AGADIC está a organizar o evento internacional denominado CONECTA FICTION, que ten como obxectivo de favorecer o intercambio sobre o contido de ficción entre os dous continentes, nun lugar cultural e xeograficamente estratéxico como Galicia. Responde as necesidades crecentes de moitos países de Europa e de América Latina de atopar socios internacionais para desenvolver e coproducir contido de ficción.

Aínda que dito evento reserva parte dos seus contidos ao público en xeral, CONECTA FICTION está dirixido a altos executivos das principais cadeas de TV, distribuidoras e empresas produtoras. Está asegurada a presenza de entre 60 e 70 responsables de

empresas con capacidade de decisión sobre investimentos e espérase a asistencia duns 400 profesionais acreditados.

O Instituto Nacional de Cinema e Artes Audiovisuais (INCAA) de Arxentina aceptou ser o país de honra nesta primeira edición. O evento terá cobertura en prensa en todos os medios nacionais, e nos medios internacionais especializados no sector audiovisual.

Tendo en conta o anterior, IGAPE e AGADIC manifestan a súa vontade de colaboración no desenvolvemento desde proxecto, e con tal finalidade acordan a sinatura do presente acordo con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto*

O obxecto do presente acordo é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o IGAPE e AGADIC para o desenvolvemento do evento CONECTA FICTION que terá lugar en Santiago de Compostela do 20 ao 23 de xuño 2017 e que é o primeiro encontro e evento internacional de creación, financiamento e coprodución de contido de ficción para TV entre América Latina, Estados Unidos de fala hispana e Europa.

O orzamento total do evento ascenderá a 500.000€ e será financiado por AGADIC, outros departamentos Xunta de Galicia e tamén outras entidades de fóra de Galicia con competencias ou relacionadas co ámbito audiovisual.

Segunda. *Ámbitos de actividades*

AGADIC asumirá a contratación dunha parte dos servizos e suministros necesarios para a celebración do evento obxecto do acordo. O importe total de ditas contratacións ascenderá a un máximo de 220.000 euros, IVE incluído.

Terceira. *Comisión paritaria se seguimento*

Para o desenvolvemento e bo fin deste acordo de colaboración poderase constituir unha comisión paritaria integrada por un representante do IGAPE e outro de AGADIC. A dita comisión poderán sumarse os expertos que os seus membros consideren necesarios, con dereito a voz pero sen voto.

Cuarta. Financiamento

IGAPE contribuirá ao financiamento deste acordo cun importe de 80.000€ con cargo á partida 6403, proxecto 2017 00008 PLAN ESTRATÉXICO DE INDUSTRIAS CULTURAIS dos seus orzamentos para 2017.

Para os efectos da execución deste acordo, AGADIC instruirá a oportuna modificación orzamentaria para incrementar coa achega do IGAPE a aplicación orzamentaria 10-A1-432B-640-1, código de proxecto 2013/00005 dos seus orzamentos, para o cal a Consellería de Economía, Emprego e Industria e o IGAPE emitirán os correspondentes documentos contables RCT que amporen ditas operacións.

A instrumentalización desta modificación de crédito será realizada polo órgano competente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Quinta. Previsións de desenvolvemento

A colaboración derivada desde acordo poderá ser obxecto do desenvolvemento ulterior e concreción que sexa preciso, a través dos instrumentos ou das actuacións que se estimen necesarias para súa consecución de conformidade coa normativa vixente.

Sexta. Modificación, denuncia e resolución do acordo

As partes poderán modificar ou resolver o presente acordo en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente acordo en calquera momento, por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente acordo por unha das partes facultará ás outras para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

Sétima. Efectos e vixencia

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura, e a súa vixencia estenderase ata o momento que cese o desenvolvemento nel previsto e, en todo caso, o 30 de novembro de 2017.

E en proba de conformidade co exposto, asinan este acordo por triplicado exemplar no lugar e data sinalados

O Conselleiro de Economía, Emprego
e Industria

O Conselleiro de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria

D. Francisco José Conde López

D. Román Rodríguez González